

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2014/03
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
URXENTE.-
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 20 de marzo de 2014.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as nove horas e corenta minutos do día **20 de marzo de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredó.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D.José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D. Xavier Campos López (BNG)

Secretario Xeral:

D. José Rodil Veiga (acctal.)

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga.

Técnico de Admón. Xeral.

D.Fidel Maañón López.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2014.01.10.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA PRESENTACIÓN DUN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O PREGO DE CONDICIÓNS PARA A LICITACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

2014.02.11.-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O PREGO DE CONDICIÓNS PARA A LICITACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Dase conta pola Alcaldía-Presidenica da súa proposta, obrante no expediente, atendendo ao informe de Secretaría en relación co recurso de reposición epigrafiado, e que se transcribe de seguido:

“Visto o recurso de reposición con data 13/03/2014 e rexistro de entrada no concello nº 2738/2014 de 17 de marzo de 2014, por parte de dona Verónica Val Vázquez con DNI 32822772R, en representación da Federación Galega da Construción, contra a Resolución do anuncio de licitación do Proxecto de Centro de Atención a Persoas maiores (Resolución de data 5 de marzo de 2014), publicado no BOP e no perfil do contratante, que debe entenderse que se interpón contra o acordo plenario de data 26 de febreiro de 2014, polo que se aprobaron os pregos de condicións económico administrativas do citado contrato.

Por esta Secretaría da Corporación, ao abeiro do disposto no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte **INFORME:**

1º.- De acordo co recollido no artigo 116 da Lei de Procedemento Administrativo (Lei 30/1992, de 26 de novembro de RXAPPAC), hai un prazo dun mes para interpor o recurso de reposición dende a notificación do acordo ou resolución, o que se cumpre neste caso, posto que a publicación do mesmo tivo lugar en data 10/03/2014, BOP de Lugo nº 056.

Do mesmo xeito enténdese que o recorrente está lexitimado para entaboar este recurso.

O prazo para a resolución do recurso de reposición, de acordo co citado artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, é dun mes dende a súa presentación.

2º.Tocante ao 2º punto do recurso, relativo á falta de xustificación suficiente da existencia da garantía provisional e cálculo incorrecto da mesma, debe sinalarse o seguinte:

- a) Na cláusula 6ª dos pregos, parágrafo 2º, motívase a existencia da garantía provisional co seguinte tenor: ***“A esixencia da garantía provisional ven xustificada porque a presentación da oferta, con diversas melloras garantizadas, pode resultar complexa.”***

Dita xustificación considerase suficiente de acordo co disposto no artigo 103 do TRLCSP, tendo en conta ademais que, ao non esixir no sobre A máis que unha declaración responsable, ao amparo da modificación introducida pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, e non a documentación acreditativa da solvencia e capacidade do licitador, aínda que esta circunstancia por unha banda axiliza o proceso e facilita a concorrncia, por outra dado o risco que isto supón, a imposición de garantía provisional constitúe unha medida que como contrapunto permite asegurar en certa medida que non se presenten licitadores que non reúnan as condicións esixidas, xa que como ven lembrando a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dende 1993 no seu informe nº 31, *“a garantía provisional asegura a seriedade das ofertas presentadas”*.

- b) Para o caso do cálculo do importe da fianza, debe sinalarse que se constata a existencia dun erro aritmético na contía sinalada na cláusula 6 dos pregos, polo que de conformidade co disposto no artigo 105. 2 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAPPAC, debe procederse a súa corrección, no senso de fixar e concretar o importe da garantía provisional a esixir na cantidade de 55.984,65 euros, en vez da que figura nos referidos Pregos.

3º.- Respecto á falta de motivación da existencia da garantía complementaria do 5% adicional na garantía definitiva, en primeiro lugar hai que dicir que esta posibilidade está prevista no artigo 95.2 do TRLCSP, para casos especiais, correspondendo ao órgano de contratación a determinación da mesma.

“Art. 95. 2. En casos especiais, el órgano de contratación podrá establecer en el pliego de cláusulas que, además de la garantía a que se refiere el apartado anterior, se

preste una complementaria de hasta un 5 por 100 del importe de adjudicación del contrato, pudiendo alcanzar la garantía total un 10 por 100 del precio del contrato.”

En segundo lugar, cómpre dicir tamén que evidentemente pola contía do contrato, 2.258.047,44 euros, que supón unha porcentaxe que supón practicamente o 29 % do Orzamento Xeral municipal, e tamén a finalidade da construción a realizar, trátase dun caso especial e non habitual para esta administración, que debe tratar de preservar na medida do posible o cumprimento do contrato e o remate das obras en aras do interese público que defende, neste caso coa previsión da garantía adicional do 5% que expresamente prevé a lei de contratos.

4º.-Esixencia de avais específicos e individuais sobre as melloras.-

O fundamento destes avais específicos radica en que a execución das melloras de que se trata e ás que se refire o recorrente, non están salvagardadas pola garantía definitiva que se contén no artigo 95 do TRLCSP, ao non formar parte as mesmas do importe de adxudicación do contrato.

Por parte deste Concello optouse en consecuencia, en aplicación do artigo 25 da TRLCSP, que establece a liberdade de pactos na contratación sempre que non supoñan unha vulneración do ordenamento xurídico, por instar o aval de xeito individual e específico para cada unha destas melloras.

Hai que ter en conta tamén que a necesidade de presentar os mesmos afecta unicamente a aquela empresa que sexa proposta pola mesa de contratación como adxudicataria, non sendo polo tanto necesario axuntalos coa oferta para a licitación, de xeito que dende ningún punto de vista se pode entender que esta medida restrinxo a participación no procedemento de licitación.

5º. Xustificación da urxencia.

A urxencia no procedemento atópase xustificada na providencia de Alcaldía de data 13/02/2014 que inicia o expediente de contratación, como no punto 2º da Proposta da Alcaldía de data 20/02/2014 que forma parte tamén do expediente, e é finalmente declarada nos mesmos termos xa expostos nesta última polo Pleno do Concello en sesión de 26/02/2014, no punto dispositivo segundo relativo ao expediente de licitación que nos ocupa, do seguinte xeito:

“SEGUNDO. Declarar a urxencia da celebración do presente contrato dada a necesidade inaprazable realizar esa obra por razóns de xustificación da anualidade 2014, de investimentos de cantidades cofinanciadas por outras Administracións Públicas, que de non facelo en prazo córrese o risco de perdelas, e non poder licitarse antes por non ter a correspondente autorización da Comunidade Autónoma.”

É dicir que a urxencia ven motivada pola necesidade de cumprir ineludiblemente cos prazos de xustificación do financiamento das obras establecidos no Convenio asinado coa Deputación Provincial e coas anualidades previstas no mesmo, tendo en conta que

neste caso o retraso na posta en marcha do proceso de licitación é totalmente alleo a esta Corporación Municipal, toda vez que o que verdadeiramente demorou o inicio do procedemento foi a resolución do expediente para a obtención da autorización precisa e a conformidade co proxecto técnico, trámites que corresponden á Comunidade Autónoma, que tiveron entrada no concello vía fax o 10/02/2014 (NRE 1494/2014), sen os que non se podía iniciar o expediente.

Por tanto, á vista do informado, esta Secretaría propón que polo Pleno municipal se adopte acordo seguinte:

1º.- Estimar parcialmente o recurso de reposición formulado por parte da Federación Galega da Construción, no referente ao importe da garantía provisional, recollido na cláusula 6 dos pregos, e, ao amparo do artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, corrixir o erro aritmético existente, quedando fixado o mesmo en **55.984,65 euros**.

2º.- Desestimar no restante o recurso de reposición formulado en base aos fundamentos expostos nos puntos anteriores do presente informe.”

Promovida deliberación os diferentes voceiros dos Grupos políticos mostran a súa conformidade coa proposta e informes referidos.

Rematada a mesma, a Corporación, por unanimidade dos membros presentes en votación ordinaria, acorda:

1º.- Estimar parcialmente o recurso de reposición formulado por parte da Federación Galega da Construción, no referente ao importe da garantía provisional, recollido na cláusula 6 dos pregos, e, ao amparo do artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, corrixir o erro aritmético existente, quedando fixado o mesmo en **55.984,65 euros**.

2º.- Desestimar no restante o recurso de reposición formulado en base aos fundamentos expostos nos puntos anteriores do presente informe.

3º. A exposición pública destes acordos significándose que consonte ao sinalado no punto 1º tamén serán admitidas no proceso de licitación aquelas ofertas que presenten como garantía provisional, aval polo importe referido de 55.984,65 euros.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as nove horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.